

Acta da reunión telemática de Xunta Directiva da Federación Galega de Tenis celebrada o 13 de xaneiro de 2021 ás 19:30 horas en segunda convocatoria e á que se conectan os seguintes membros:

Presidente: José Mosquera Casero
 Vicepresidente: Gabriel Fernández Mourelle
 Tesoureira: Antía García Fernández
 Secretario: Ignacio López López

Vogais:

Susana Varela Vila
 Juan José Medín Guyatt
 María Berini Pita Da Veiga

Asistencia al Presidente:

Marco A Casal Costas – Dirección Deportiva
 Asistencia al Secretario
 M^a Jesús Fernández García

Acta de sesión:

É aberta polo presidente, que dá a benvida e agradece a asistencia aos presentes.
 Dáse paso aos puntos da orde do día.

1. Aprobación do acta da reunión anterior.

É aprobada por unanimidade

2. Modificación do Regulamento do Campionato Galego por Equipos Absoluto feminino.

Despois dunha breve introdución que fai o presidente sobre o punto para tratar, toma a palabra Marco A. Casal sobre a problemática que se presenta ante o Comité de Competición coas inscricións e participación dos equipos no Campionato Galego Feminino.

Tras o proceso de inscrición do campionato galego por equipos absoluto feminino, e a manifestación xeneralizada dos clubs implicados dos seus intereses, desde o Comité de Competición fan unha proposta á Xunta Directiva para que sexa presentada ante a Comisión Delegada para adaptar a competición aos devanditos intereses co obxectivo de xerar unha competición máis adaptada aos criterios de proximidade e competencia.

A continuación detállase como quedaría a competición se non se fai a modificación que se presenta máis adiante, aínda que o problema é que hai determinados equipos que se teñen que xogar na división Ouro manifestaron que non querían participar.

División	Número Equipos	Grupos	Ascensos	Descensos
Ouro	8	Único: CT Coruña A, SC Casino Coruña, CT Redes CD D10	0	2 directos
		Universidad de Vigo Club Tenis Pontevedra CTBoiromar , Casino Ferrolano		
Prata	8	A: CT Coruña B, RSD Hípica ET Justo al Revés, CT Boiromar B	2 directos	2 directos
		B: CC Vigo, CT Gondomar, CT Redondela, Ureca		
Previa	1 2	A: CT Boiromar B Club USC B CT Cangas CT Recreo Cultural CC Ferrol C. D Empresariais	2 directos	
		B: CT Tui, CT A Tobeira, CT Gondomar, B, UrecaB EDM Salceda CT Pontearreas		

A proposta consiste no seguinte:

1. Redución da División Ouro a 4 equipos que xogarían directamente a fase eliminatoria.
2. Incremento de 8 equipos a 12 na División Prata, xerando dous grupos de 6 equipos.
3. A fase previa mantense, e este ano xeraríanse dous grupos de 6 equipos.

A continuación concréntanse os grupos nas distintas categorías tendo en conta a nova proposta

División	Número Equipos	Grupos	Ascensos	Descensos
Ouro	4	Único: CT Coruña A SC Casino Coruña Universidad de Vigo Club Tennis Pontevedra	0	1 directo (el 4º) + 1 Promoción (el 3º del Oro contra el 2º de Plata).
Prata	12	A: CD D10 CT Coruña B RSD Hípica Casino Ferrol CT Redes ET Justo al Revés B: CC Vigo CT Gondomar CT Redondela Ureca CT Boiromar Club USC	1 directo (1º de la fase eliminatoria de los 1º,2º,3º da fase previa dos grupos A e B) + 1 Promoción (2º da fase eliminatoria dos 1º,2º,3º da fase previa dos grupos A e B)	3 Directos
Previa	12	A: CT Boiromar B Club USC B CT Cangas CT Recreo Cultural CC Ferrol C. D Empresariais B: CT Tui CT A Tobeira CT Gondomar B Ureca B EDM Salceda CT Pontearreas	3 directos	0

Se debate entre os asistentes a conveniencia do número de equipos por grupos na última categoría (previa) e decídese que en 2021 sexan 3 grupos de 4 en lugar de 2 grupos de 6. Non se terá en conta este ano o criterio de Copa Davis, deixando o aviso aos clubes. Os novos grupos estarían compostos por:

Grupo 1:

CT Boiromar
USC "B"
RC A Estrada
Club de Campo Ferrol

Grupo 2:

CT Tui
CD Empresariais Ourense
EDM Salceda de Caselas
CT Pontearreas

Grupo 3:

CT A Tobeira
CT Gondomar B
Ureca B
CT Cangas

Xogarse a ida e volta. os dous primeiros de cada grupo xogarán polo ascenso. Dos seis ascenden 3.

Decídese ademais presentar na próxima Asemblea Xeral, que o desenvolvemento da competición feminina axústese ao formato actual da competición xuvenil xa que está a funcionar moi ben, pero hai que ter en conta que nas competición xuvenis hai un maior número de inscricións ó que facilita moito a proximidade xeográfica.

Apróbase por unanimidade o presentar esta modificación á Comisión Delegada da Federación Galega de Tenis, que é o órgano competente para aprobar o cambio proposto.

E non habendo mais temas que tratar, péchase a sesión sendo as 20.30 horas, e levántase a presente acta que asino co Vº Bº do Presidente.

VºBº

El Presidente

Ignacio López López
Secretario